

O Craega crea unha guía de venda online para achegar o produto eco ao consumidor

- Á plataforma dispoñible en www.craega.es, xa se anotaron 22 empresas certificadas que serven os seus pedidos a domicilio
- Coas canles de distribución convencionais pechadas, o Craega activa este servizo para apoiar aos operadores
- “Para nós, o importante é que os consumidores teñan ao seu alcance a mellor alimentación posible”, recalca o presidente do Consello

Boqueixón, 22 de abril de 2020.- O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) vén de poñer en marcha unha guía de venda online de produto certificado. A través da páxina web www.craega.es, o consumidor ten á súa disposición un amplo directorio con máis dunha vintena de operadores que lle levan a compra á casa.

O Real Decreto 463/2020 garante a produción agrícola, gandeira e acuícola, así como o transporte e distribución de alimentos a través da venda minorista a fin de asegurar o abastecemento durante o estado de alarma. Pero coas canles de distribución convencionais pechadas (hostalería e mercados tradicionais), moitos produtores ecolóxicos atravesan serias dificultades para dar saída á súa colleita.

“Á vista deste escenario tan complexo, no Craega pareceunos conveniente activar unha plataforma na web para poñer en contacto aos nosos operadores co consumidor final”, explica o presidente do Consello, Francisco López Valladares.

A Xunta prohibiu o pasado 24 de marzo os mercados tradicionais que periodicamente se celebran en concellos de toda Galicia. Con esta suspensión, a venda directa de produtos agrogandeiros sufriu un importante revés. “Son moitos os operadores certificados que recorren a estas canles curtas para comercializar os seus produtos. De aí que, xa desde ese primeiro momento, optamos por poñer en marcha unha guía online que lles servira de soporte a todos eles para seguir adiante coa súa actividade”, recalca López Valladares.

Aínda que nun primeiro momento a guía estaba dirixida unicamente a produtores, pouco a pouco fóronse sumando empresas transformadoras e comercializadoras que tamén prestan servizo a domicilio. Desde xeito, ademais de hortalizas, froitas, carne (de vacún e de polo) ovos, algas ou infusións, na plataforma tamén é posible mercar conservas ou viño. A plataforma actualízase diariamente para recoller as novas incorporacións que chegan ao Consello.

“Para nós, o importante é que os consumidores teñan ao seu alcance a mellor alimentación posible, tanto os que están a traballar para facer fronte a esta pandemia, como os que permanecen confinados para evitar máis contaxios. Agora máis que nunca, é primordial garantir o acceso aos produtos de proximidade, ecolóxicos e saudables”, insiste López Valladares.

MERCAPROXIMIDADE. Á marxe da plataforma de venda online de produto ecolóxico, o Craega colabora coa Consellería do Medio Rural en Mercaproximidade, unha iniciativa que nace para achegar a produción de agricultores, gandeiros e industrias á gran distribución. O proxecto impulsado tamén durante estado de alarma está a suscitar gran interese entre os operadores certificados e, polo momento, xa remitiron a súa solicitude 13 inscritos.

Enlace para consultar a guía:

<https://www.craega.es/venda-directa-ao-consumidor-guia-de-productores-ecoloxicos/>